

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E A FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO MALAIKAS PARA O EMPODERAMENTO DE MULLERES MIGRANTES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE E RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

MEMORIA EXPLICATIVA

O Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia creou a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

O Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia establece dentro da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade como un órgano superior e de dirección á Secretaría Xeral da Igualdade.

De conformidade co Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón como obxecto no seu artigo 1 a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren, establecendo ademais no seu artigo 3 apartado d) que a violencia sexual é unha forma máis de violencia de xénero.

A violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a súa dignidade e integridade física, psíquica e moral e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos. A súa



prevención e erradicación compete aos poderes públicos, que teñen a obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos como cidadás nu estado democrático.

Tendo en conta que as necesidades específicas das mulleres migrantes en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social non están cubertas, é preciso articular as ferramentas axeitadas para a defensa dos seus dereitos, de cara a rachar co seu illamento e favorecer o seu empoderamento.

A Disposición Adicional Segunda da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, establece que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia no ámbito da violencia de xénero, que sirvan de canle de actuación e colaboración para conseguir unha atención integral e coordinada dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero.

A Fundación Juan Soñador, entidade de carácter social sen ánimo de lucro, promovida pola Familia Salesiana do noroeste de España e inscrita no Rexistro de Fundacións asistenciais no Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais co número 24-0061, el 19 de setembro de 2002, recolle nos seus estatutos como obxecto de actividades fundacionais, "Desenvolver proxectos de promoción social de barrios populares con un alto índice de problemática social, mediante proxectos socioeducativos, culturais, de ocio y tempo libre, de educación de calle, de promoción de la muller e igualdade de xénero". Conta con equipos educativos profesionais, estables e identificados cos seus valores fundamentais (ser axentes de cambio e transformación social, por medio dunha proposta socioeducativa integral e de calidade, promovendo o protagonismo activo das persoas excluídas como suxeito de dereitos; proposta educativa cun criterio preventivo, que non se reduce á protección social senón que vai ás causas que provocan a exclusión; estilo educativo baseado nunha relación persoal de proximidade, familiaridade e a aceptación da persoa, con actitudes que desenvolvan a súa autoestima e o recoñecemento da súa dignidade).

Dentro do seu Programa Teranga, de atención integral a persoas migrantes, encádrase o proxecto Malaikas, para o empoderamento de mulleres migrantes en situación en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social, con intervención nas cidades de Lugo, Vigo, Ourense e A Coruña.



A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, estima de interese público establecer unha liña de traballo conxunto, e propónse a colaboración coa Fundación Juan Soñador para o desenvolvemento do proxecto Malaikas, para o empoderamento de mulleres migrantes en situación en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social, con intervención nas cidades de Lugo, Vigo, Ourense e A Coruña.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

